



1. É a única persoa que non queda falando cos demais cando acaba o instituto.

- Como pensades que se sente?
- Por que credes que non queda?
- Que decidides facer?



2. Nunca lle contestan cando escribe no chat de clase e apenas ten seguidores en Tik Tok ou Instagram.

- Como credes que se sente?
- Por que credes que o resto non quere unirse á conversación?
- Que fariades vós?



3. Ninguén fai caso á súa opinión en clase.

- Como credes que se sente?
- Que podería cambiar en clase?
- Que lle poderíades recomendar?



4. Fai días que ninguén se lle achega para falar.

- Como credes que se sente?
- Por que credes que ninguén se lle achega?
- Que se podería facer para cambiar a situación? Como actuariades?



5. Hoxe é o seu primeiro día no novo instituto.

- Como podería presentarse ante a clase?
- Que poderían facer os compañeiros e compañeiras para axudarlle no seu primeiro día?
- Como o fariades vós?



6. O seu mellor amigo ou amiga non lle fixo caso en todo o día.

- Como credes que se sente?
- Que lle podería dicir ao seu amigo ou amiga?
- Probou a falar con outros?



7. No patio hai uns mozos e mozas que apenas coñece, que están a xogar a algo que se lle dá moi ben.

- Credes que podería achegarse a eles para unirse ao xogo?
- Se lle din que non, como credes que se sentiría?
- Como o fariades vós?



8. Ve un compañeiro que se sente triste e sen ganas de facer nada, porque hoxe non tivo un bo día.

- Achegaríase a preguntar o motivo da súa tristeza?
- Credes que debemos estar sempre alegres e contentos?
- Que poderíades facer para que se sinta algo mellor?

9. Cría que era a única amizade de Erika e hoxe Erika fixo novos amigos.



- Como credes que se sente? E Erika?
- Fixo ben en irse con outros sen preocuparse da súa amiga?
- Que farías ti?



- _____
- _____
- _____



- _____
- _____
- _____



- _____
- _____
- _____

10. Torceu un nocello e non pode camiñar. Queda cos seus amigos e amigas e deciden xogar ao baloncesto.



- Como credes que se sente?
- Que podería facer para participar no partido?
- Como reaccionarías ti?



- _____
- _____
- _____



- _____
- _____
- _____



- _____
- _____
- _____